

# MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES (2021)



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e anteriormente a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Inclúense os apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

# Índice:

1. Actividades relacionadas coa COVID19
2. Actividades de defensa da profesión
3. Alegacións presentadas
4. Comisións sectoriais
5. Actividades de formación e xornadas técnicas.
6. Bolsa de Emprego.
7. Servizo de información.
8. Outros servizos colexiais.
9. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
10. Participacións do COBGA.
11. Varios.
12. Reunións do COBGA.
13. Percepcións membros Xunta de Goberno.
14. Informe anual de xestión económica.
15. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
16. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
17. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
18. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
19. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
20. Estatísticas colexiacións.
21. Información estatística sobre a actividade de visado.
22. Información estatística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.

## 1.Actividades relacionadas coa COVID19

**1.1. Vacinación COVID19.** Ao ter noticia da organización, pola Secretaria Xeral Técnica do SERGAS dunha campaña de vacinación por COVID-19 dos profesionais que traballan nos centros sanitarios privados, enviamos escrito solicitando a inclusión dos nosos colexiados na devandita campaña.

**1.2. Vacinación COVID19.** Enviamos os datos en relación a petición da Secretaría Xeral Técnica do SERGAS a solicitude de datos persoais dos/as colexiados/as que na actualidade presten servizo en establecementos sanitarios privados non concertados coa finalidade de organizar a vacinación por COVID-19.

## 2.Actividades de defensa da profesión

*As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e nos boletíns informativos periódicos e estiveron suscitadas por:*

**2.1. RPTs Concellos de Galicia.** Enviamos escrito aos 313 Concellos galegos, Deputacións provinciais e a FEGAMP informando das actividades profesionais dos biólogos e solicitando que teñan en conta a nosa titulación na redacción ou modificación das Relacións de Postos de Traballo (RPT) dos respectivos concellos.

**2.2. Obradoiros de emprego.** Presentamos recurso de reposición contra as convocatorias de Director e/ou Docentes dos concellos ourensanos de San Cristovo de Cea, Coles, Castro Caldelas, Celanova, A Merca, O Irixo e Pereiro de Aguiar; pola non inclusión da titulación de Bioloxía nas devanditas prazas.

**2.3. Concello de Valdoviño.** Presentamos recurso contra a Resolución do 28 de xuño de 2021 referente á convocatoria para prover unha praza de Técnico de Museos, pola non inclusión da nosa titulación, tal como si se fixo no 2019 na convocatoria de persoal técnico para atención do "Océano Surf Museo".

**2.4. UVIGO.** Presentamos recurso contra resolución pola que se convoca concurso público para a contratación de profesorado asociado en ciencias da saúde, ao non incluír ao Especialistas en Bioquímica Clínica na convocatoria.

**2.5. Concello de Piñor.** Interpoñemos Recurso Potestativo de Reposición contra a Resolución pol que se aproban a bases da convocatoria do concurso-oposición para a cobertura por persoal laboral temporal dunha praza de Técnico de Medio Ambiente.

**2.6. Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.** na convocatoria para vinculación temporal, por concurso de méritos, a cobertura de diversas prazas de facultativo especialista de área para os servizos sanitarios de atención especializada da dita xerencia. Para as de análises clínicas non se especifica a nosa titulación como requisito. Pedimos ao XXI de Ourense que modificase as bases no sentido de incluír a nosa titulación, o día seguinte a correxiron [\[PDF\]](#)

**2.7. Grupo TRAGSA.** Solicitamos a inclusión dos biólogos na oferta de 4 prazas de técnicos para realizar plans de ordenación cinexética na nosa comunidade.

**2.8. Grupo TRAGSA.** Recibimos a seguinte resposta: "las titulaciones indicadas son habilitantes para la firma de este tipo de planes. no teniendo constancia que la formación de grado en biología también lo sea". Polo que decidimos remitir a información ao Consejo General de Colegios de Biólogos para que realice los trámites oportunos ante la empresa.

**2.9. Grupo TRAGSA.** O Consejo General de Colegios de Biólogos, a petición do COBGA envía escrito a TRAGSA no que se fan alegacións e se solicita "con el objeto de informar y requerir que en esta y en otras ofertas se incluyan los perfiles profesionales adecuados y, en este caso, a los biólogos por estar suficientemente capacitados para la ordenación cinegética".

**2.10. Fundación CETMAR.** Enviamos escrito en relación a convocatoria de selección dunha praza de técnico superior para o proxecto SILENCIO, xa que nas titulacións establecidas como requisito para participar no proceso selectivo (Grao/Licenciado/a en Ciencias do Mar, Ciencias Geolóxicas e Ciencias Físicas), se exclúe a de Bioloxía. Con data de 10 de febreiro o CETMAR corrixe a convocatoria e inclúe aos/ás biólogos/as.

**2.11. Concentración no Hospital de Santiago de Compostela (ademais de Madrid, Sevilla e Valencia) pola recoñecemento da Bioloxía Sanitaria.** Realizouse o venres 17 de setembro organizada pola Asociación de Estudiantes de Biología de España (AEBE) e o colectivo Birsibilidad, realizouse pola recoñecemento da Bioloxía Sanitaria e o incremento das prazas BIR, o participou o Decano e un vocal do COBGA.

**2.12 Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.** Remitimos escrito aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia (PP, PSdG e BNG), expoñendo a problemática da Bioloxía Sanitaria, e solicitando, o apoio á nosa reivindicación. [20/04/21]

**2.13. Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.** O xoves 6 de maio, o Decano Pelayo Míguez e o Vogal Pedro Pablo Gallego mantiveron unha reunión con Montse Prado voceira de sanidade do Grupo Parlamentario do BNG para falar da situación da bioloxía sanitaria.

### 3. Alegacións presentadas

A través do CGCOB enviamos observacións sobre o Proxecto de Real Decreto de conservación dos recursos xenéticos forestais e as modificacións na Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e no Consejo Forestal Nacional e á estratexia de xestión e conservación do lobo.

### 4. Comisións sectoriais

*As Comisións sectoriais son instrumentos de participación colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboración, apoio á formación, etc.*

- Ao longo de 2021 non se houbo reunións das comisións sectoriais.

## 5. Actividades de formación e xornadas técnicas

*Unha das funcións do COBGA especificadas nos seus Estatutos é a de organizar cursos para procurar a formación permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos biólogos.*

**5.1. BIODEMECUM** Seguimos potenciando a as actividades de formación as través da oferta da plataforma de formación on line dos COBs, BIODEMECUM

**5.2. Xornada formativa 2021 UVIGO.** As actividades profesionais dos biólogos. Celebrada o 23 de abril, no Salón de Actos Facultade de Bioloxía Universidade de Vigo, interviron a Decana da Facultade D<sup>a</sup> Mercedes Gallardo, o Decano do COBGA D. Pelayo Míguez, e como poñentes Dr. José Manuel Martínez, D<sup>a</sup>. Ruth Pérez e D. Manuel A. Rodriguez. [23/04/21]

**5.3. Xornada formativa 2021 UDC.** As actividades profesionais dos biólogos. O venres día 12 de marzo, participaron 70 alumnos/as da Universidade da Coruña. Falaron David Cartelle sobre a consultoria de medio ambiente, Iria Martínez sobre reprodución asistida e David Velasco sobre o BIR [12/04/21]

## 6. Bolsa de Emprego

Enviáronse 283 ofertas específicas fundamentalmente relacionadas cos sectores calidade, ambiental, reprodución asistida, pesca, viticultura. docencia, comercial, farmacéutico, sector público. etc. A meirande parte das recibidas inclúense nos NOVAS (cunha media de 5 en cada edición), xa que os ofertantes prefiren a máxima difusión delas.



## 7. Servizo de información

### 7.1. NOVAS COBGA.

En 2021 o boletín informativo mensual (NOVAS COBGA) mantivo 12 edicións que foron colocándose puntualmente cada mes na nosa web de maneira reservada aos colexiados (e enviadas vía e-mail tamén) e cunha media de 35 páxinas. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa; Emprego; Bolsas, Axudas e Subvencións; Premios; Actividades de formación; Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas...; Recursos na Rede; Varios; Ofertas a colexiados/os; Lexislación.

### 7.2. NOVAS Semanais

Os venres envíase esta folia informativa coas novidades da semana en curso, cunha media de 10 páxinas. 39 edicións.

**7.3. PRE NOVAS.** Desde outubro retomamos o envío deste boletín os mércores co adianto da información semanal.

### 7.3. Páxina web.

Visitas en 2021: 38.159; Directorio: 3.767; NOVAS COBGA e NOVAS Semanal: 7.430 visitas

### 7.4. Redes Sociais.

- Facebook:

Publicacións: 255; "Me Gusta" (novos) na Páxina: 69; Alcance: 170.031

- Twitter: Tweets: 280; Impresións de Tweets: 239.100; Visitas ao perfil: 8.700; Menciones: 541; Novos seguidores: 373

- Linkedin:

Contactos: 3.639 (31/12/21, +294)

WhatsApp: Actualizamos os nosos medios de contacto incluíndo este servizo de Co noso teléfono como contacto (981531440)  
<https://api.whatsapp.com/send?phone=34981531440>

## 8. Outros servizos colexiais

En 2021 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con novos provedores de:

### EIMA

EIMA Entidad especializada en formación técnica de calidad en los sectores de ingeniería, medio ambiente y calidad ofrece un descuento del 10% en el precio normal de inscripción en las actividades de formación que organiza. Info [eimaformacion.com](http://eimaformacion.com)



### La Academia (A Coruña)

Curso de preparación oposicións escala biólogos Xunta de Galicia. As clases poderán seguirse de maneira presencial, semipresencial? ou a "distancia" (videoconferencia). La Academia aplicará aos colexiados/as un desconto do 10% das mensualidades.



### Banco Sabadell

Asinamos un convenio co Banco Sabadell mediante o cal a entidade ofrece vantaxes nos seus produtos financeiros aos/ás colexiados/as.



### GM Solutions

GM Solutions se compromete a ofrecer un descuento del 15% del precio normal de inscripción en las actividades de formación que organiza a todos aquellos colegiados del COBGA que acrediten su afiliación vigente al mismo. Además ofrecerá a los colegiados tarifas especiales y trato preferencial en los servicios "Family" (limpieza de hogar, cuidado de menores, reformas domésticas...) y "Company" (certificación, consultoría, seguridad y salud, inspecciones reglamentarias...)



## 9. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

**Nota de Prensa Vacinación COVID-19** [29/12/21] [[nota de prensa](#)]

**Toma de posesión da nova Xunta de Goberno do COBGA. D. José Antonio Fernández Bouzas, Director do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, é o novo decano** [18/12/21] [[prensa](#)] [[nota de prensa](#)]

**Concentración a favor Bioloxía Sanitaria e mais Prazas BIR** [16/09/21] [[nota de prensa](#)] [[TVG 1](#)] [[TVG 2](#)] [[TVG 3](#)] [[Radio Nacional](#)] [[La Voz](#)] [[La Voz 2](#)]

**O Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA), condea as ameazas recibidas por un biólogo** [12/08/21] [[nota de prensa](#)]

**O Decano foi entrevistado no programa Bos Días da TVG.** Falando da existencia do noso recoñecemento como profesionais sanitarios (min 42:25) #BiologiaSanitariaYA #BioloxiaSanitariaXA [ver nova](#). [30/04/21]



**O Ministerio de Sanidad incumple o compromiso de regular a Bioloxía Sanitaria** [23/03/21] [[nota de prensa](#)]

**XVI Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega), celebrouse o 19 de febreiro na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo.** [18/02/21] [[nota de prensa](#)]

## 10. Participacións do COBGA

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

**10.1 Acto de recoñecemento aos Profesionais da Bioloxía no ámbito sanitario durante a pandemia COVID-19.** O Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos e a Conferencia Española de Decanos de Biología celebraron un emotivo acto de recoñecemento á actividade desenvolvida polos Profesionais da Bioloxía no ámbito sanitario durante a Pandemia COVID-19. O acto celebrouse o pasado venres 26 de novembro ás 18.00 h no Paraninfo da Universidade Complutense e contou coa asistencia de Autoridades, Consellos e Colexios Oficiais das Profesións Sanitarias, Representantes das Universidades, Asociacións Científicas e Asociacións de Estudantes, entre outros. Por parte do COBGA asistiron o Decano, Pelayo Míguez e o Vocal, Pedro Pablo Gallego. [\[Nota de prensa\]](#)

**10. 2. Acto de graduación do dobre grao en bioloxía e química da USC,** o 28 de xullo. Ao acto asistiu Mercedes Casal (Vocal)

**10. 3. Acto de graduación da 9ª promoción de biólogos/as da Facultade de Bioloxía da USC,** O pasado 23 de xullo. Aos acto asistiu o Decano.



**10. 4. Acto de graduación da 8ª e 9ª promoción de biólogos/as da facultade de bioloxía da UVIGO,** o pasado 1 xullo. Ao acto asistiu o Decano.

**10. 5. Reunión exploratoria para la constitución del FORO SANITARIO de Galicia ,** celebrada o pasado 27 de abril de 2021 no Salón de actos de la sede de Santiago del Colegio Oficial de Médicos de la Provincia de A Coruña. Por parte do COBGA interviño Mercedes Casal, vocal del Colegio Oficial de Biólogos de Galicia, que hizo referencia al “momento histórico” que se está viviendo debido a la pandemia. En su opinión, “estamos saliendo de un problema que tiene una escala enorme. En un año, aproximadamente, contamos con varias vacunas listas para ser usadas, todo un hito de la sanidad y de la investigación. No han surgido de la nada, sino que detrás hay una gran cantidad de ciencia básica”. En su opinión, el Foro Sanitario “debe comunicarse con la Administración, la sociedad y los profesionales, pero tal vez sin un formato demasiado encorsetado”. Hay que trasladarles a todos “la necesidad de subvencionar más la investigación sanitaria”. También aseguró que la idea de un foro “es muy interesante, pero no debería ir en paralelo a la Unión Profesional, sino como algo distinto, más centrado en el ámbito sanitario”.

## 11. Varios

### 11.1. Guía de Peritos e Mediadores da Unión Profesional de Galicia:

Como todos os anos a Unión Profesional de Galicia edita a Guía de Peritos e Mediadores, na que se inclúen os datos de 32 colexiados/as na guía de peritos e 1 na de Mediadores, que solicitaron a súa inclusión.

A guía da que forman parte os/as biólogos/as galegos foi presentada, o venres 2 de xullo. En representación do Colexio asistiu a Vocal Mercedes Casal

<https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3035087/colegios-profesionales-reivindican-santiago-mediacion-aliviar-colapso-juzgados-gallegos>

**11.2. Guía de Peritos.** O Xulgado 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Monforte de Lemos. Con data 27/09/2021 solicita listaxe de peritos biólogos para procedemento ordinario 11/20, o cal remitimos con data 01/10/2021.

**11.3. Día do Biólogo.** non celebrouse debido a situación de pandemia e as restricións de aforos e mobilidade.

**11.4. Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía.** Resultaron gañadores da XVI Edición da Olimpíada Española de Bioloxía-Fase Galega celebrada o 19 de febreiro na Facultade de Bioloxía, da Universidade de Vigo.

1º Posto González Alcántara, Sabela. do IES República Oriental do Uruguai (Vigo)

2º Posto Rodríguez Martín, Castor. Do Colexio M. Peleteiro (Santiago)

3º Posto Reino Hermida, Marta. Do IES Otero Pedraio (Ourense)

Que representarán á nosa comunidade na fase nacional, que se celebrará na modalidade on line do 11 ao 14 de marzo de 2021.

Os 3 seguintes substituirán aos primeiros en caso de non poder facelas probas  
4º Posto Varela Méndez, Lucía. Do IES A Pinguela (Monforte)

5º Posto Magide Novo, Olalla. Do IES Otero Pedraio (Ourense)

6º Posto Vilas Ares, Nerea. Do IES Otero Pedraio (Ourense)

[20/02/21]



**11.5. Convenio de Cooperación coa Universidade de Vigo.** Mediante o cal os estudantes da UVIGO poden facer prácticas externas no Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

## 12. Reunións do COBGA

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

**12.1. Xunta Xeral Ordinaria do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA).** O 15 de maio celebrouse a Xunta Xeral Ordinaria na modalidade on line polas restricción da COVID19, tratáronse temas ordinarios de xestión (contas, memoria, orzamentos), e outro coma os reglamentos das comisións, a actualización de cotas, etc. [15/05/21]

**12.2. Plenos do Consejo General de Colegios de Biólogos.** O Decano, Pelayo Míguez e o Vocal, Pedro Pablo Gallego. Participaron nos Plenos celebrados 12 de xuño e o 29 de xullo (on line) e o do 27 de novembro que celebrouse en Madrid. Neles se trataron asuntos de interés para a profesión.

**12.3 Eleccións a Xunta de Goberno.** Os compoñentes da candidatura presentada tomaron posesión dos seus cargos en Santiago, en sesión celebrada o 18 de decembro de 2021.

No acto interviron o Decano sainte D. Pelayo Míguez, que desglosou a situación do Colexio e a profesión despois destes 8 anos. O novo ViceDecano D. Pedro Pablo Gallego falou aos novos membros sobre as súas funcións segundo o indicado nos Estatutos do Colexio (art. 38) e o novo Decano D. José Antonio Fernández, marcou os obxectivos da nova etapa.

- Unha maior presenza institucional e social do COBGA
- Acercar máis se cabe o Colexio aos colexiados, modernizando os medios tecnolóxicos de comunicación cos/cas colexiados/as
- Unha maior relación con todos os ámbitos da bioloxía: Ciencia, medio ambiente, sanidade, alimentación, e cos diferentes sectores: industria, academia, consultoría, administración pública ...
- Consolidar a estrutura e eficacia do Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos
- Dinamizar dun xeito máis eficiente o funcionamento das Comisións Sectoriais como medio de coñecer e dar resposta a s necesidades dos/das colexiados/as e da sociedade
- E por último, intentar aumentar a base colexial e conquistar con elo unha maior representatividade e solidez económica da institución [18/12/21]

## 13. Percepcións membros Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraje, dietas ou aloxamento.

|                                    |                     |       |
|------------------------------------|---------------------|-------|
| Gastos Viaxes Pleno CGCOB 27/11/21 | Pelayo Miguez       | 745,4 |
| Gastos Viaxes Pleno CGCOB 27/11/21 | Pedro Pablo Gallego | 74,7  |

Estes gastos foron reingresados polo CGCOB.

|               |                                                      |       |
|---------------|------------------------------------------------------|-------|
| Gastos Viaxes | José Pelayo Míguez (Graduación, saídas profesionais) | 85,28 |
|---------------|------------------------------------------------------|-------|



## **14. Informe anual de xestión económica**

Disponible na información da Xunta Xeral



## 15. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

### Primer semestre 2021

| CONCEPTO                                                | IMPORTE (€)                     |
|---------------------------------------------------------|---------------------------------|
| - Cota inscrición licenciados antes de 1 ano            | 15,00                           |
| - Cota inscrición licenciados despois de 1 ano          | 35,00                           |
| - Cota semestral colexiación normal                     | 51,50                           |
| - Cota semestral colexiación reducida                   | 30,00                           |
| - Compulsas colexiados                                  | 0,15                            |
| - Visado colexial                                       | Segundo o Regulamento de Visado |
| - Inscrición Rexistro traballos profesionais            | 0,1B (252,73 €) + IVE           |
| - Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares) | 6,31                            |

### Segundo semestre 2021 (aprobadas na Xunta Xeral de 15 de maio de 2021)

| CONCEPTO                                                                    | IMPORTE (€)                     |
|-----------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|
| - Cota inscrición licenciados antes de 1 ano                                | 15,00                           |
| - Cota inscrición licenciados despois de 1 ano                              | 35,00                           |
| - Cota semestral colexiación normal                                         | 75,00                           |
| - Cota semestral colexiación normal reducida (<12 meses desde a titulación) | 37,50                           |
| - Cota semestral colexiación reducida                                       | 30,00                           |
| - Cota xubilados/as                                                         | 0                               |
| - Compulsas colexiados                                                      | 0,15                            |
| - Visado colexial                                                           | Segundo o Regulamento de Visado |
| - Inscrición Rexistro traballos profesionais                                | 0,1B (252,73 €) + IVE           |
| - Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares)                     | 6,31                            |

**16. Información sobre  
procedimientos informativos e  
sancionadores en fase de instrución.**

- Ao longo do ano 2021 non se produciron procedementos informativos ou sancionadores.

**17. Información sobre queixas e  
reclamacións de consumidores e  
usuarios ou as súas organizacións  
representativas.**

- Ao longo de 2021 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

## 18. Cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos.

**Código Deontolóxico.** No Pleno do Consejo General de Colegios Oficiais de Biólogos (CGCOB) do 12 de xuño de 2021, aprobouse o Código Deontolóxico do Biólogo, en aplicación do Artigo 4.3 dos estatutos corporativos (Orden do 14 de mayo de 2001. BOE número 124 do 24 de maio de 2001), que inclúe entre as súas funcións e en relación coa finalidade de orientación e vixilancia deontolóxica do exercicio profesional:

"a) Establecer as normas deontolóxicas xerais ordenadoras do exercicio da profesión de Biólogo, as cales terán carácter obrigatorio, e aplicar ditas normas, velando pola súa observancia e uniforme execución.

b) Coidar ou promover a difusión da imaxe adecuada da profesión de Biólogo e da divulgación dos avances da Bioloxía que estean cientificamente avalados.

c) Perseguir a competencia ilícita, velando pola dignidade e decoro do exercicio profesional, vixiando a plena efectividade das disposicións que regulan as incompatibilidades e exercitando as accións legais precisas contra o intrusismo e a clandestinidade no exercicio da profesión." Estas funcións emanan da Ley 2/1974, do 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, que no seu Artigo 5 no que se establecen as funcións dos colexios profesionais inclúese no seu apartado i): "i) Ordenar no ámbito da súa competencia, a actividade profesional dos colexiados, velando pola ética e dignidade profesional e polo respecto debido aos dereitos dos particulares e exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial."

No desenvolvemento do Código Deontolóxico participaron por parte do COBGA Mercedes Casal y Jorge José Pérez.  
<https://www.biologosdegalicia.org/pdf/Codigo-Deontologico.pdf>

## **19. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.**

- Ao longo de 2021 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

## **20. Estatísticas colexiacións.**

- En 2021 producíronse 58 altas (11 tipo B, 45 tipo C) e 46 baixas, 2 traslados e 1 falecemento. O activo a 31/12/2021 é de 1.291 colexiados/as.

## **21. Información estatística sobre a actividade de visado.**

- En 2021 non foi sometida ao trámite de visado colexial ningunha memoria de traballo profesional.

## **22. Información estadística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.**

- En 2021 non foi sometida ao trámite ningunha memoria de traballo profesional.